

**ORDE do 11 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas da Intervención 7169 Cooperación para a sucesión de explotacións agrarias, no marco do Plan estratéxico da política agraria común de España 2023-2027, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural (Feader). Consellería do Medio Rural. DOG N° 246, 22/12/2025**

**Obxecto e finalidade**

A finalidade destas axudas é favorecer a renovación xeracional, aumentar a viabilidade das explotacións agrarias mediante a súa reestruturación e ampliación e incrementar o grao de cualificación profesional das persoas titulares, apoiando a persoas agricultoras que decidan cesar na súa actividade agraria co fin de ceder a súa explotación a outras persoas, mediante a presentación dun proxecto de cooperación.

O código do procedemento é MR617D.

Estas axudas tramitaranse en réxime de concorrencia competitiva.

**Persoas beneficiarias**

Poderán ser persoas beneficiarias destas axudas as persoas físicas, xefas de explotación, que cumpran os requisitos para acceder á xubilación no momento de realizar a transmisión, ou por causa de incapacidade laboral permanente, conforme a lexislación nacional, e que cedan a súa explotación agraria a outra persoa física ou xurídica que queira sucederlle a través dun proxecto de cooperación para a sucesión desa explotación agraria.

Os requisitos para acceder á axuda son:

- Presentar un proxecto de cooperación formalizado xunto coa solicitude da axuda, cunha persoa cesionaria que non poderá ser familiar de primeiro grao da persoa cedente, nin tratarse dunha persoa xurídica con algún socio que sexa familiar de primeiro grao desa persoa cedente.
- Ser agricultor activo
- Exercer a actividade agraria durante os cinco anos anteriores á solicitude de axuda.
- Ser titular dunha explotación agraria cuxa produción estándar total (PET) sexa, como mínimo, de 8.000 €.
- Non ter máis de 70 anos.
- Ter inscrita a explotación agraria no Banco de Explotacións ou realizar unha solicitude de inclusión nunha data anterior á da publicación da correspondente convocatoria.
- Cotizar á Seguridade Social pola súa actividade agraria na data de presentación da solicitude de axuda.
- Estar en situación para acceder á xubilación no momento da transmisión, nun prazo máximo de seis (6) meses contado desde a data de presentación da solicitude de axuda ou, de ser o caso, ter recoñecida unha situación de incapacidade permanente para a actividade agraria no dito prazo.

**Persoas cesionarias**

Poderán ser cesionarias as persoas físicas ou xurídicas que cumpran os seguintes requisitos:

- Ser maior de 18 anos e non superar os 55 no caso de persoas físicas. No caso de persoas xurídicas, polo menos o 50% das persoas asociadas deberán cumprir o requisito de idade esixido para persoas físicas.
- No caso de que a cesionaria sexa unha persoa física, non poderá ter unha relación familiar de primeiro grao coa persoa cedente. No caso de que sexa persoa xurídica, ningún dos seus socios poderá ser familiar de primeiro grao do cedente.
- Ter formalizado coa persoa cedente un proxecto de cooperación
- Comprometerse a realizar un contrato de arrendamento e/ou compravenda para a transferencia da explotación.
- Asumir a condición de titular de explotación.
- Cotizar á Seguridade Social pola súa actividade agraria ou comprometerse a iso con anterioridade ao momento da xustificación
- Ter participado no proceso de intermediación co Banco de Explotacións, mediante solicitude de intermediación para o acceso a explotación do Banco de Explotacións (MR617C)

## Proceso de cooperación

Deberá formalizarse un proxecto de cooperación entre a persoa cedente e a persoa cesionaria que vaia a sucedela na explotación. O proxecto de cooperación incluírá o seguinte contido mínimo:

- a) A situación inicial da explotación.
- b) Compromiso por parte da persoa cedente de cesar na súa actividade agraria, e darse de baixa no Reaga pola súa actividade agraria.
- c) Compromiso da persoa cedente de transferir os dereitos de axuda á cesionaria segundo acordo entre as partes, ligados ás unidades de produción.
- d) Relación de actuacións que vaia desenvolver a persoa cesionaria, que recolla se vai realizar unha primeira instalación, diversificación agraria, investimentos ou o desenvolvemento doutras intervencións e o asesoramento que poida recibir, tanto pola persoa cedente como por asesores externos á explotación.
- e) A dedicación que fará a persoa cedente para a transmisión dos seus coñecementos á persoa cesionaria.

## Contía da axuda

A axuda consistirá nun importe a tanto alzado en forma de pago anual por un período de 5 anos que se calculará en función do tamaño da explotación.

En todo caso, a axuda poderá acadar no total de todas as anualidades a contía de 30.000 €, ou un máximo anual de 6.000 €.

A axuda destinarase ás persoas agricultoras ou gandeiras que decidan cesar na súa actividade e cedan a súa explotación a outras persoas agricultoras ou gandeiras, compensando unha parte do custo de oportunidade que supón a dita cesión.

## Criterios de selección

Os proxectos serán baremados atendendo aos seguintes criterios de selección:

O limiar mínimo para ser subvencionable será de 5 puntos e polo menos dous criterios

1. Criterios relativos á explotación e á persoa titular cedente		Puntuación
1.1. Localización da explotación agraria que se transfere	Municipio en zona desfavorecida (zona de montaña)	2
	Municipio en zona desfavorecida (distinta de zona de montaña)	1
1.2. Explotación agraria acollida a réximes de calidade diferenciada	Explotación acollida á produción ecolóxica inscrita no Craega	2
	Explotación acollida á IXP ou DO	1
1.3. Superficie da explotación que se transfere	≥ 30 ha	4
	≥ 15 ha < 30 ha	3
	≥ 5 ha < 15 ha	2
	≥ 0,5 ha < 5 ha	1
2. Criterios relativos á persoa cesionaria		Puntuación
2.1. A persoa cesionaria é muller (se é persoa xurídica, a maioría das persoas asociadas son mulleres)	Si	2
2.2. Idade da persoa cesionaria (caso de ser persoa xurídica, media de idades das persoas asociadas)	Entre 18 e 40 anos	4
	Entre 41 e 55 anos	3
2.3. Duración do contrato de arrendamento	≥ 10 anos	2
	≥ 8 anos < 10 anos	1
Total		16

### Período de subvencionabilidade

Serán subvencionables as transmisións que se realicen a partir da notificación da resolución da concesión de axuda.

### Prazo de presentación das solicitudes de axuda

O prazo de presentación das solicitudes de axuda irá dende o **23 de decembro de 2025 ata o 23 de xuño de 2026**.